



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Abril 2022 • Nº 266

ABRIL

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

VEDRA CO TRANSPORTE PÚBLICO METROPOLITANO

■ LEMBRA!

Que se resides en Vedra e queres desprazarte a Santiago con regularidade contas cunha ampla expedición de liñas de transporte público para facelo.

Cada casa vedresa recibiu a súa revista do “Transporte Público Metropolitano de Galicia en Vedra” nela podes consultar os horarios de paso por cada parada e cada parroquia.

Se non a recibiches podes solicitala no teléfono 981 814 612, ou facer a túa consulta. Tamén a tes a disposición na web municipal.

Unha maneira sinxela, cómoda, ecolóxica e barata de viaxar... Algo especialmente importante nestes tempos de encarecemento dos combustibles!

TRANSPORTE PÚBLICO METROPOLITANO DE GALICIA EN VEDRA



PUNTO LIMPO DE VEDRA

■ Horarios de atención ao público:

- Martes de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas
- Sábado de 9:00 a 14:00 horas.

Xa non é precisa CITA PREVIA pois as restricións da pandemia vanse relaxando de a pouco!!

SERVIZO DE AVARIAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ No caso de avaría na iluminación pública ou calquera incidencia neste servizo ponte en contacto nos seguintes teléfonos: 699 304 702 ou para urxencia no 901 203 040.

“CHEGA700”... EN VEDRA

■ Nos vindeiros meses chegará tamén a Vedra o 5G.

No momento da súa implantación será necesario volver sintonizar os televisores e para o dito proceso compartirase a información oportuna.

Ademais ponse a disposición o teléfono 900 833 999 e o enderezo electrónico ayuda@llega700.es.

Dende o Concello de Vedra tamén se facilita para completar a información o teléfono 669 573 351

chega
700





Última actividade dentro da programación da Camelia, o Curso de Poda, Reprodución e Novas Variedades de Camelia impartido por Eusebio López Redondo.




Concentración silenciosa en solidariedade co pobo ucráino diante da Casa Consistorial de Vedra.



Acto de presentación dos resultados do proxecto Eramus+ Entrando na economía GIG, do que forman parte como socios españois o Concello de Vedra e AGACA.



Encontro de axentes de desenvolvemento local da man da entidade AFIPRODEL no Centro de Emprendemento A Estación.



Participación de Vedra nas Xornadas de Autocaravanismo en Galicia



Visita ao patrimonio da USC dos e das participantes vedreses do proxecto Camiños de Coñecemento e Experiencia.

ASÍ FOI POLO 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

■ Durante o mes de marzo... VEDRA FOI MULLER!!

E foino a través de toda unha serie de accións transversais para conmemorar o Día Internacional da Muller...



Acto de Recoñecemento "Vedra é Muller" a Iria de Asla Esteva por ser a primeira presidenta dunha Asociación pola Igualdade no Concello de Vedra.




O 8M PARAMOS! Un xesto de paro de 5 minutos para simbolizar que se as mulleres paramos ... O mundo para!!



Vedra participou no I Encontro de Mulleres Maiores no Camiño da Igualdade cos concellos de Boqueixón e Touro.



Así foi a participación das tanxugueiras no I Encontro de Mulleres Maiores de Vedra Boqueixón e Touro.



O Mural pola Igualdade "Coidáronnos, Coidamos, Cóidannos" da EIM de Vedra.



"ASOCIADAS", un coloquio das mulleres vedresas para coñecer o seu labor no tecido asociativo local.



O 8M tamén presente na programación mensual da Ludoteca.



ASÍ FOI O ENTROIDO



Na Ludoteca Municipal.



Na parroquia de San Xián de Sales.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Inicio da XVII Mostra de Teatro Amador
"Teatrofilia2022" da man da Asoc. Cultural
Papaventos.



Concerto pola Paz da Escola de Música de Santa Cruz
de Ribadulla adicado ao pobo ucraino.

Cultura



EXPOSICIÓN PICTÓRICA DO COLECTIVO FOTOGRÁFICO "PASO A PASO"

■ Trátase dunha mostra itinerante dun colectivo cunha maneira particular de entender a fotografía. Unha proba evidente de como a fotografía pode axudarnos a desenvolver o noso potencial creativo, e de como plasmalo en obras que supoñen unha importante reafirmación, tanto a nivel persoal como artístico.

Esta iniciativa das fotógrafas e fotógrafos Ánxela Taboada, Adonis Ríos, Maite Miñambres, María Pino, Ana Rozas, Ramiro González, Josina Gancedo e a vedresa Esmeralda L. Castro estará no Centro Socio Cultural dende o 19 de abril ao 7 de maio.

Inauguración: o martes 19 de abril ás 21:00 horas.



COLABORA POÑENDO TRAMPAS NA LOITA CONTRA A VESPA VELUTINA

■ Onde colocar as trampas?

Cólganse a 1,5 metros de altura, en zonas asolladas e resgardadas do vento.

- En plantas de especial interese para a velutina, como as especies de orixe asiática (camelias, especialmente japónica), callistemon, a aralia (ou árbore de Angélica), nespereira xaponesa, froiteiros en flor (cerdeiras, ciroleiras, cítricos), ornamentais. En xeral plantas de floración temperá.
- Nas proximidades dos composteiros.
- Nun radio de 100-150 metros de niños do ano anterior.
- En árbores que poden ter pole ou pulgón; por exemplo o salgueiro.
- Nas proximidades dos locais onde os apicultores gardan o seu material e extraen o mel.

“COLABORA ATOPANDO OS NIÑOS DE VESPA E NOTIFICÁNDOO NO 012”

ELABORACIÓN DE ATRAINTES

TIPO1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

Turismo

CHEGAR E ENCHER!!

■ A campaña de promoción da hostalaría local “Chegar e encher!” rematou no mes de marzo despois de percorrer todas as tabernas e restaurantes do concello. Un total de 19 locais hostaleiros participaron nas pequenas entrevistas e contáronnos un montón de segredos. A campaña tiña como obxectivo dar a coñecer os novos establecementos de hostalaría e promover as nosas tabernas de sempre despois da crise sanitaria. Os vídeos de pequeno formato, de tan só 2 minutos de duración, alcanzaron 85.000 visualizacións.

CHEGAR E ENCHER!

Concello de Vedra

PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NA REITORAL DE PONTE ULLA

■ Esta Semana Santa o Punto de información Turística da Reitoral de Ponte Ulla abre as súas portas para acoller aos peregrinos e peregrinas que se animen a camiñar durante as vacacións, e a turistas en xeral.



A oficina estará aberta no seguinte horario:

- Do luns 11 de abril ao domingo 17 de abril.
- De 11:00 a 15:00 horas



CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

■ En A Estación continuamos coa formación aberta ao público en xeral:

■ CURSOS ABRIL-MAIO

- Cursos da Aula Mentor: <http://www.aulamentor.es/es/cursos-mentor>.
Para máis información: 667 90 53 30, aulamentor@concellodevedra.gal.
- Cursos gratuítos impulsados dende A Estación, dos cales indicamos a programación prevista para os meses de abril e maio.
Para máis información: 981 512 244, 600 425 016, aestacion@concellodevedra.gal.

A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO

abril						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

- TÉCNICAS DE VENDAS E RELACIÓNS PÚBLICAS
- INTELIXENCIA EMOCIONAL E SOCIAL

PROGRAMA FORMATIVO 2022 (ABRIL-MAIO)

10	10.30 a 14 horas
20	16.30 a 20.30 horas

maio						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

- TÉCNICAS DE REDACCIÓN PARA O MUNDO DIGITAL
- CREATIVIDADE APLICADA Á VIDA PERSOAL E PROFESIONAL

10	10.30 a 14 horas
20	16.30 a 20.30 horas

Información detallada e inscricións nos tfnos. 981 51 22 44, 600 425 016

ou en aestacion@concellodevedra.com

Cursos abertos a todo o público. Terán prioridade as persoas ou empresas residentes en Vedra

Nº máximo de prazas por curso: 12



■ PROGRAMA RESET

Segue aberto o Programa RESET de atención gratuíta dirixido ao tecido empresarial de Vedra. Xa estamos dando asesoramento ás primeiras empresas e profesionais.

Para máis información: 981 51 22 44, 600 42 50 16, aestacion@concellodevedra.gal.

A ESTACION
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2022
GRATUITO

PROGRAMA RESET

Formación aberta: de febreiro a novembro 2022

Eres unha empresa ou profesional por conta propia? Tes o teu domicilio ou unha sede de traballo en Vedra?

Se a resposta é si, poñemos á túa disposición unha formación aberta individualizada, que poderás recibir en calquera momento entre os meses de febreiro e novembro.

Non ten custe algún, e o seu obxectivo é axudarche a relanzar o teu negocio nas circunstancias de mercado actuais.

Partiremos das túas necesidades para axustar a formación e asistencia á realidade do teu negocio.



Nº de prazas máximo: Inicialmente 10, pero poderán abrirse máis prazas en función da demanda.

Duración: 6 horas. Horario a convir con cada participante.

Información e inscricións nos tfnos. 981 51 22 44, 600 425 016 ou en aestacion@concellodevedra.com



A ESTACION CENTRO DE EMPRENDEMENTO



Educación

VEDRA MEDRA

■ Comeza a primavera “Abrindo Camiños”
Anduriña moi adiantada, primavera ben temperada

Vedra medra remata marzo e comeza o mes de abril percorrendo os camiños de Santiago que atravesan o Concello de Vedra.

O alumnado do CPI de Vedra de todas as etapas poñerá en ruta a partir do 28 de marzo ata o 8 de abril. A Vía da Prata e o Camiño Miñoto-Ribeiro serán as dúas vías xacobeas polas que transitarán desde a cativada de 3 anos ata os mozos e mozas de 15.

Con esta programación de saídas didácticas, na que está implicado todo o centro educativo, Vedra medra



Continúa na páxina 7

busca achegar a rapazada ao patrimonio histórico, cultural e natural asociado aos antigos camiños de peregrinación.

A elaboración e o uso de **recursos na aula asociados aos anteriores itinerarios** complementa esta liña de dinamización con base unha vez máis no patrimonio local.

Neste 2021-22, **Vedra medra** centra especialmente o seu labor nas etapas de infantil e 1º ciclo de primaria ao formar parte de "Vexo, veo Xacobeo", programa de innovación educativa novo e dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e

da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Para seguir as nosas andadas por Vedra adiante, poden entrar na web do CPI de Vedra e no Facebook **Vedra medra**.



Actividades 3ª Idade

CAMIÑOS DE COÑECEMENTO E EXPERIENCIA

■ Máis información e inscricións: 981 814 695 – 981 502 024 ou no Centro Social de Vedra.



02/05/2022 16:30-18:00h

Seminario: As estrelas e os seus sistemas planetarios.

D. José Ángel Docobo Durántez. Catedrático de Astronomía e Astrofísica. Prof. Do Programa Universitario de Maiores, IV ciclo
D. Pedro Pablo Campo Díaz. Dr. en Matemáticas. Profesor do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo

03/05/2022 16:30-18:00h

Escribir a nosa historia. Obxectos, soportes e instrumentos de escritura.

D. Anxo Rodríguez Lemos. Doutor en Historia. Profesor do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo da USC

04/05/2022 16:30-18:00h

Sesión práctica: aula interactiva pensada para compartir materiais arqueolóxicos e documentais.

D. Anxo Rodríguez Lemos. Doutor en Historia. Profesor do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo da USC

05/05/2022 16:30-18:00h

Seminario: Cultura, folclore e educación: construíndo a identidade persoal desde a tradición.

D. Alexandre Sotelo Losada. Dr. en Ciencias da Educación e profesor do Dpto de Pedagogía e Didáctica da USC. Profesor do Programa Universitario de Maiores, da USC

06/05/2022 16:30-18:00h

Obradoiro de baile/música tradicional: A Cociña Musical: O uso dos recursos cotiás na creación artística.

Dña. Sandra González Sousa. Dña. Cristina Calle Rodríguez. Colaboradoras do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO

09/05/2022 22:00-23:30h

Observación nocturna (lugar por determinar).

D. José Ángel Docobo Durántez. Catedrático de Astronomía e Astrofísica. Prof. Do Programa Universitario de Maiores, IV ciclo
D. Pedro Pablo Campo Díaz. Dr. en Matemáticas. Profesor do Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo

Lugar de celebración e matrícula:
Centro sociocultural da Terceira Idade de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo 41 - Vedra



BINGO

- Xoves 21 de abril ás 20:30 h.
- Xoves 5 de maio ás 20:30 h.
- No Centro Social de Vedra.

LUDOTECA E MULLER

■ O mes de abril vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinámolos aos nenos e nenas a convivir cos outros, a ser persoas cunha mirada crítica, trataremos de informarllos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo dos nenos, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico e de conciliación, tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Este proxecto ten como obxectivos coñecer e comprender a nosa contorna máis próxima, o lugar onde vivimos, que recursos e cantas cousas podemos facer!!

O mes de abril desfrutaremos de actividades cheas de dinamismo e estimulación dos xogos de movemento. Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- A Máquina do tempo: Coñecendo Roma
- Experimentos divertidos
- "Mr/s. Manitas"
- Descubre e investiga: "xogos de Roma"
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Superchef: COCIÑA DE PASCUA, FACEMOS A ROSCA
- Miúdos/as artistas: antiga Grecia
- Vacacións de Semana Santa Gran xogo: "Descubrindo o noso pasado"
- Descubre e investiga: "xogos en grupo e de colaboración"

O horario da ludoteca en Semana Santa será de 8:30 a 14.30 H. (Agás os días festivos nos que non haberá servizo)

OLLO... VOLVE A LUDOVERÁN!!
Atención!! En maio abre o prazo de solicitudes

XULLO E AGOSTO
NENAS E NENOS DE 3 A 12 ANOS

INSCRICIÓN A PARTIR DO 2 DE MAIO
NO CONCELLO DE VEDRA

volve o
Ludoverán

Ven a divertirte de
08:30 a 14:30 DINÁMICAS GRUPAIS

XINCANAS DIVERTIDAS
GRAN FESTA DO VERÁN
SAÍDAS POLA CONTORNA

MAIS INFO:
CARMEN.SABIO@CONCELLODEVEDRA.GAL
981 81 46 93 / 660 39 56 74

Ludoteca
Concello de Vedra



Deporte

CAMPAMENTO DEPORTIVO DA DEPUTACIÓN 2022

■ O Concello de Vedra solicitou á Deputación da Coruña prazas para o campamento deportivo deste verán 2022.

O campamento está destinado para os nenos/as nados entre o 1 de xaneiro do 2008 e o 31 de decembro do 2013 e terá unha duración de 5 días na residencia do I.E.S. Rosalía Mera de A Coruña.

A cota de inscrición será de 85,00 €.

Estamos pendentes de saber cantas prazas e que quenda nos conceden. Mais información no vindeiro boletín de información municipal, na paxina web do Concello (concellodevedra.gal) ou a través do servizo de novas.

CONTINUÁ...

TEATROFILIA 2022 DA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Programa para abril da XVII Mostra de Teatro Amador en Vedra

■ **Sábado 2 de abril ás 20:30 h.**

"Confinad@s" (TP) A Terrequeté (Teo)

■ **Venres 8 de abril ás 21:30 h.**

"Terapia Alternativa" (TP) Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.

■ **Sábado 9 de abril ás 20:30 h.**

"Fatum" (TP) O Catre Teatro (As Pontes)

■ **Domingo 10 de abril ás 18:00 h.**

"Desastre selvático" (Infantil) Xs Papaventiñxs (Vedra)

As horas indicadas son as de comezo da función, as portas da sala abríranse 15 minutos antes.

O despacho de billetes abrirá unha hora antes de cada función e o custe da entrada será de 3€ por persoa.



ARREDOR DO VIÑO COA COMISIÓN DE FESTEXOS DE SAN MIGUEL DE SARANDÓN



XLEXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

Sábado 9 de abril de 2022

12:00 h. Pazo Vista Alegre (A Ponte Ulla)

IV CATA-CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS-ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA"
Aberta ao público

18:00 h. Campo da festa de San Miguel de Sarandón

APERTURA DA MOSTRA FOTOGRÁFICA "A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA"
(1ª Edición do concurso)

18:30 h. CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA

19:00 h. PREGÓN a cargo de GONZALO TRENOR LÓPEZ Delegado da Xunta de Galicia para A Coruña


ENTREGA DE PREMIOS DA CATA-CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS-ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA

19:30 h. Grupo de baile "OS CAMPIÑOS" e pandereteiras "DEDALEIRAS" da A.C. San Campio

MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS-RIBEIRA DO ULLA

Haberá "pulpeiro"





CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA CO CORO DA ESCOLANÍA DA CATEDRAL DE SANTIAGO.

■ Data: 24 de abril.

• Lugar: A Catedral de Santiago de Compostela.

• Hora: Ás 17:30 horas.

• Entrada libre e gratuíta.



ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO PRESENTACIÓN DO DISCO DA REQUINTA DA LAXEIRA

a Requinta da Laxeira

CONCERTO-PRESENTACIÓN DO DISCO

...e MÍLLORE!

SÁBADO, 9 DE ABRIL

CAMPO DA FESTA
San Miguel de
Sarandón,
Vedra

ENTRADA LIBRE

ACTUACIÓN DOS GRUPOS AMIGOS
A GAITA DE SARANDÓN
FAÍSCAS DA PONTRAGHA
PANDEREITEIRAS SILANDEIRA

AS 21:00h
CONCERTO-
PRESENTACIÓN
AO REMATE,
FOLIADA ABERTA

HABERÁ BUSES DENCE SANTIAGO | MÁIS INFO E RESERVAS NA WEB: WWW.REQUINTADALAXEIRA.COM

Logos: Requinta da Laxeira, San Campio Asociación Cultural, Concello de Vedra

VI CONCURSO DE DEBUXOS RELATO CURTO E POESÍA “SERÁN DAS LETRAS”

■ Consulta as súas bases nas redes sociais da Asociación Cultural San Campio ou na páxina web municipal.

VIII SERÁN DAS LETRAS. ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ Será o 14 de maio en San Miguel de Sarandón para homenaxear o Día das Nosas Letras con actuacións de música tradicional.



Vedra con Ucraína

■ Vedra na situación dramática actual de Ucraína traballa en coordinación coa Fegamp (Federación Galega de Municipios e Provincias) a Xunta de Galicia e o Goberno, seguindo as súas pautas para axudar nesta profunda crise e ofertar recursos habitacionais que é o que se nos demanda.

Para recibir máis información ou facer calquera tipo de consulta chama ao 981 814 698 ou escribe a alcaldia@concellodevedra.gal



ACHEGAMOS...

COMUNICADO CONXUNTO DA XUNTA DE GALICIA, FEGAMP, COORDINADORA GALEGA DE ONGD, FARMACÉUTICOS MUNDI, MÉDICOS DEL MUNDO, UNICEF, CRUZ VERMELLA, EDUCO, ENTRECULTURAS, ACNUR, AXUDA EN ACCIÓN, MOVIMIENTO POR LA PAZ, EL DESARME Y LA LIBERTAD E FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

As entidades arriba mencionadas, reunidas en Santiago de Compostela o día 7 de marzo de 2022, acordan difundir as seguintes

RECOMENDACIÓNS PARA AXUDAR Á POBOACIÓN UCRAÍNA DE FORMA EFICAZ

- A solidariedade é, sen dúbida, una das características máis relevantes da cidadanía galega.
- Na actual crise provocada polo conflito bélico en Ucraína, unha vez máis, as mostras de solidariedade son constantes. Nestes días estamos a recibir nume-



rosos ofrecementos de axuda, gran parte deles consistentes en doazóns en especie de materiais.

- En situacións como a actual faise máis necesario, se cabe, que a axuda humanitaria chegue ás persoas que o necesiten sen prexudicar os mercados e canles locais, sen poñer en perigo nin aos actores humanitarios nin á poboación beneficiaria e tratando de minimizar o impacto medioambiental.

- As organizacións humanitarias especializadas en terreo son as encargadas da avaliación das necesidades, que varían en cada momento, para adecuar os seus chamamentos de axuda. Neste senso, os bens materiais doados en Galicia poden resultar non adecuados ás necesidades da poboación e da situación humanitaria e loxística en terreo.

- Os bens doados de xeito particular están a supoñer custos administrativos e dificultades loxísticas engadidas (transporte, recepción, almacenamento, distribución, etc.) para as institucións que as xestionan.

- Ademais, a doazón internacional dalgúns produtos, como os medicamentos, está sometida a uns estritos protocolos que restrinxen as doazóns por parte de particulares.

- Actualmente é difícil a garantía de corredores humanitarios estables que permitan a distribución e acceso seguros, pese aos esforzos de negociación das organizacións de carácter humanitario coas partes en conflito.

- Os problemas desta crise humanitaria manteranse ao longo do tempo e as axudas serán necesarias non só neste momento do conflito, senón ao longo da súa duración, así como na etapa de reconstrución.

- Agradecendo estes ofrecementos brindados á po-



boación afectada por esta crise humanitaria, en consonancia coa Oficina de Acción Humanitaria (OAH) da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), recomendamos que a nosa solidariedade sexa canalizada a través de axudas económicas dirixidas ás ONGD internacionais humanitarias presentes na zona mostrando a nosa confianza na súa xestión.

Polo tanto:

1. Recomendamos canalizar a axuda da cidadanía a través de doazóns económicas mediante as diferentes Organizacións Non Governamentais (ONGD) Humanitarias que traballan na zona, así como a través de organismos humanitarios especializados.

As seguintes organizacións/organismos que traballan no terreo fixeron chamamentos para realizar doazóns:

- **Organizacións en Galicia** con presenza no terreo:

Médicos del Mundo: <https://www.medicosdelmundo.org/ayuda-ucrania>

Entreculturas: <https://www.entreculturas.org/es/home>

Educo: <https://www.educo.org/landing/emergencia-ucrania>

Farmacéuticos Mundi: <https://farmaceuticosmundi.org/solidaridad-con-ucrania>

Ayuda en Acción: <https://colabora.ayudaenaccion.org/espana/es/emergencia-ucrania>

Para máis información pódese consultar: <https://galiciasolidaria.org/como-apoiar-a-poboacion-na-ucraina>

Continúa na páxina 12



- **Cruz Vermella:** Chamamento da Federación Internacional da Cruz Vermella e a Media Lúa Vermella e do Comité Internacional da Cruz Vermella, canalizado a través da Cruz Vermella Española: www.cruzvermella.gal
- **UNICEF:** Chamamento do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia: <https://www.unicef.es/ayuda-ucrania?lc=9923&fc=9923>
- **ACNUR** (Agencia de Nacións Unidas para os Refuxia-dos): <https://eacnur.org/es/crisis-ucrania>

Para mais información sobre os chamamentos doutros organismos internacionais pódese consultar: <https://www.aecid.es/ES/Paginas/Sala%20de%20Prensa/Tus%20camp%C3%B1as/Ucrania.aspx>

2. Desaconsellamos as doazóns en especie, ao resultar menos eficiente este tipo de axuda e constituír unha mala práctica no ámbito da axuda humanitaria.



...E TAMÉN A SOLIDARIEDADE CO POBO UCRAÍNO DO COLECTIVO “NAS MANS DA AVOA”

■ A Agrupación “As Mans da Avoa”, son un grupo de mulleres que se xuntan os martes pola tarde de 18:00 a 20:00 h. no Centro Social de Vedra, no marco da actividade de laborterapia. Dedicáanse a realizar traballos manuais: calceta, gancho, pintura en tela...

Nesta ocasión están a iniciar unha campaña-mercado solidario onde a recadación irá destinada ás persoas refuxiadas de Ucraína.



Para iso, están a pintar e decorar macetas de barro para poñelas á venda. Tanto as macetas como a pintura foron doadas por empresas locais.

Todas as persoas que queiran apoiar esta iniciativa poden dirixirse ao Centro Social de luns a venres en horario de 18:00 a 20:00 h. e realizar a súa merca solidaria.

Dende aquí felicitamos e agradecemos o seu labor, do que podes informarte no teléfono 981 502 024 en horario de 15:00 a 21:00 horas.



Presenza do colectivo Nas Mans da Avoa no programa España Directo da TVE

PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo cultura@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.